



Recomendación dirixida ao concello de Vigo para que acceda á división da liquidación que a Lei Xeral Tributaria permite, dado que o concello coñecía a existencia de dous cotitulares e contaba cos datos dos mesmos

Expediente: L.4.Q/7006/21

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don xxxxxxxxx referente ao pago das taxas do lixo dun inmovible en Vigo

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que tiña solicitado o pago fraccionado da recollida do lixo correspondente a ese inmovible, dado que só era propietario do 50% do mesmo. Tiña presentado recurso fora de prazo.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información ao concello de Vigo que nolo remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

Respecto da queixa L.4.7006/2021, presentada ante a Valedora do Pobo por D. xxxxxx, baseada na pretensión de división de cota da liquidación 217007325/2021 referida á Taxa de Lixo do exercicio 2020 da vivenda da Rúa xxxxx, inscrición 101409 deste Padrón Fiscal, e referencia catastral xxxxxx, infórmase o seguinte:

O reclamante basea a súa queixa na pretensión da división de cota entre él e a súa irmá Da. xxx. O seu pai, xxxxxxx, faleceu en data 13.12.2017, e a escritura da adxudicación da herdanza data do 12.07.2019, polo que tralo cambio en Catastro entrou o reclamante nos padróns de Lixo e IBI como titular dos dous recibos.

O IBI consta pagado ao nome do reclamante, e o lixo, impagado, pasa a executiva. En marzo, o reclamante é notificado por este recibo en vía executiva eponse en contacto telefónico pedindo o rateo da cota polo 50%. Comunicaselle que non está contemplado na Ordenanza e que pódese anular dito recibo por falta de notificación da inclusión de alta no Padrón de Lixo, cuestión que se fai de oficio e sen reclamación

formal. Se procede a anular e xirar o recibo do 2020 pola falta de notificación de alta no Padrón Fiscal do 2020. Notifícaselle a liquidación substitutiva ao reclamante en data 20.04.2021.

En data 24.05.2021, presenta escrito na oficina de Lixo Vivendas, expte. 68528-513, reclamando formalmente dito rateo. É atendido por tres persoas pola súa insistencia e disconformidade ante a información facilitada. Incídese na falta de base para o rateo de cota segundo a Ordenanza Fiscal de Lixo Vivendas vixente, ordenanza non recorrida nos tribunais, e en que o seu escrito non paralizará o trámite recadatorio da liquidación obxecto de recurso. Presenta documento 210089426 / doc. 210089444

En data 25.05.2021 presenta vía web dous documentos de queixa, 210090506 e 210090520, expte. 180044-323. Incide na solicitude do rateo de cota, na falta de interese, profesionalidade, e da xestión da atención realizada.

En data 26.05.2021 desestímase o recurso 68528-513 por ser presentado o 24.05.2021 e ter transcorrido o prazo dun mes dende a notificación da liquidación recorrida: 20.04.2021

En data 27.05.2021 presenta, vía web, documento 210092857, achegando comunicación Catastro coas porcentaxes de titularidade ao 50% e únese ao expediente xa presentado.

En data 02.06.2021 remítese informe sobre a queixa presentada (180044-323)

En data 02.07.2021 recíbese na oficina de Lixo Vivendas expte. 10179-320, solicitando informe respecto do pedimento da Valedora do Pobo, expte. L.4.Q 7006/21. Tralo análisis de todo anterior, procede informar que non se accedeu ao solicitado polo reclamante polas seguintes cuestións legais:

1. De conformidade co disposto no artigo 223 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, o prazo para a interposición do recurso de reposición será de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto recorrible.

No mesmo senso, o artigo 14 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece no seu parágrafo c) que o prazo para a interposición do recurso de reposición será un mes contado dende o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita.

No caso que nos ocupa, a liquidación substitutiva por non comunicar a alta no padrón foi notificada o 20.04.2021, segundo consta no acuse de recepción que obra no expediente, polo que o prazo para interpoñer recurso de reposición abranguería ata o 20.05.2021

En consecuencia, tendo en conta que o recurso de reposición foi interposto o 24.05.2021, resulta extemporáneo e procede a súa inadmisión.

2. As propiedades de titularidade compartida, ou cotitularidade, responden solidariamente fronte a administración tributaria municipal estando correctos os recibos ou liquidacións emitidas ao nome de calquera dos cotitulares existentes, tal é o caso desta vivenda da R/ xxxxxxx, que a 1 de xaneiro de 2020, data do devengo da taxa ou obriga de pagamento, era de titularidade compartida entre o reclamante e a súa irmá, Dona xxxxxxx. En aplicación do disposto no artigo 4.1 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana que sinala: "...Aínda que concorran varias titularidades catastrais nun mesmo ben inmóble, o suxeito pasivo será único: quen figure con esta condición no ficheiro de remisión do Padrón Catastral anual". No mesmo sentido pronuncíase a Ordenanza fiscal xeral do Concello de Vigo no artigo 20.4 : "...en relación a cada feito impoñible, o suxeito pasivo obrigado ao pagamento da

débeda tributaria será único, aínda que concurran varias titularidades de dereitos sobre un mesmo obxecto tributario".

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. O recurso foi interposto polo interesado fora do prazo disposto na Lei Xeral Tributaria. Xa que logo, foi **rexeitado por ser extemporáneo.**

SEGUNDO. A mesma norma sinala no seu **artigo 1.1.** *“Esta ley establece los principios y las normas jurídicas generales del sistema tributario español y será **de aplicación a todas las Administraciones tributarias** en virtud y con el alcance que se deriva del artículo 149.1.1.ª, 8.ª, 14.ª y 18.ª de la Constitución”*

TERCEIRO. A autonomía recoñecida constitucional e comunitariamente aos concellos dotaos dun amplo marxe para regulamentar, por medio das Ordenanzas, as cuestións que lles corresponden e que teñen delegadas. Pero desta potestade ***non poderán extraerse criterios quebrantadores do principio de igualdade nen vulnerar os intereses da cidadanía.***

CUARTO. A Lei Xeral Tributaria que se invoca para o rexeitamento do recurso di no seu **artigo 35.7 .**

“La concurrencia de varios obligados tributarios en un mismo presupuesto de una obligación determinará que queden solidariamente obligados frente a la Administración tributaria al cumplimiento de todas las prestaciones, salvo que por ley se disponga expresamente otra cosa. Las leyes podrán establecer otros supuestos de solidaridad distintos del previsto en el párrafo anterior

*Quando la Administración sólo conozca la identidad de un titular practicará y notificará las liquidaciones tributarias a nombre del mismo, quien **vendrá obligado a satisfacerlas si no solicita su división. A tal efecto, para que proceda la división será indispensable que el solicitante facilite los datos personales y el domicilio de los restantes obligados al pago, así como la proporción en que cada uno de ellos participe en el dominio o derecho trasmitido.**”*

QUINTO. A propia Dirección General de Tributos, en consulta vinculante, respostaba o 1/2/2016

*“Respecto de la posible división de la deuda tributaria del IBI, **el propio artículo 35.7 de la LGT**, al regular la situación de concurrencia de varios obligados tributarios en un mismo presupuesto de una obligación, y después de establecer el carácter de obligación solidaria de todos ellos frente a la Administración tributaria para el cumplimiento de todas las prestaciones, **señala en su párrafo tercero que se podrá solicitar la división de la liquidación tributaria. A tal efecto, para que proceda la división de la liquidación tributaria es indispensable que se faciliten a la Administración los datos personales y el domicilio de todos los obligados al pago, así como la proporción en que cada uno de ellos participe en el dominio o derecho sobre el bien**”.*

SEXTO. Cabe sinalar que, segun se deduce do informe municipal, **o concello de Vigo coñece e recoñece, neste caso, a existencia de dous titulares**. Xa que logo, non sería necesario que o comunicase o interesado, nin que aportase os datos da cotitular

SÉTIMO. O informe municipal indica que: *“As propiedades de titularidade compartida, ou cotitularidade, responden solidariamente fronte a administración tributaria municipal”*. O interesado nn discute, efectivamente, a preceptiva solidaridade pero, como se recolle no artigo 35.7 da Lei Xeral Tributaria e reflicte na consulta a Dirección General Tributaria **o carácter de obligación solidaria en nada influe na posibilidade legal de solicitar a división da liquidación tributaria**

OITAVO. O informe municipal alude ás Ordenanzas municipais, en concreto ao *artigo 4.1 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e ao 20.4 da Ordenanza fiscal xeral do Concello de Vigo* indicando que as mesmas non permiten a división da liquidación, reflecindo literalmente *“o suxeito pasivo obrigado ao pagamento da débeda tributaria será único, aínda que concurriran varias titularidades de dereitos sobre un mesmo obxecto tributario”*. Porén, como xa indicamos, **da autonomía municipal non poden extaerse criterios que vulneren os intereses da cidadanía. As Ordenanzas non poden prohibir o que a Lei permite**.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, neste caso concreto, facer chegar a ese concello a seguinte **suxestión**

Acceder á petición do interesado, que solicitou a división da liquidación que a Lei Xeral Tributaria permite, dado que o concello coñecía a existencia de dous cotitulares e contaba cos datos dos mesmos

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

